

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xullo de 2021

	Poboación a 1 de xullo de 2021	Poboación a 1 de xaneiro de 2021 (*)	Saldo			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.691.213	2.696.876	-9.326	1.620	2.116	-5.590
España	47.326.687	47.398.695	-70.736	-366	0	-71.102

Fuente: INE / (*) Salvo o dato de poboación ao inicio do período, todos os datos son provisionais

Os datos facilitados polo INE sobre a evolución da poboación no primeiro semestre de 2021 indican que neste período Galicia aleixouse aínda máis da barreira dos 2.700.000 habitantes. O descenso estimado é de aproximadamente -5.600 persoas, o que supón unha redución de poboación por riba do -0,20%, redución que supera á do mesmo período do ano 2020. Dita diminución, tal e como xa acontecera no primeiro semestre do ano anterior, débese ao forte descenso rexistrado no saldo migratorio exterior, que ven de reducirse respecto do primeiro semestre de 2020 en máis dun -63% (e en máis dun -85% respecto do primeiro semestre de 2019) e tamén ao saldo vexetativo, que tamén se incrementou respecto do semestre de referencia. O dato que segue a amosar unha evolución positiva en Galicia e o saldo migratorio interior, cuxa estimación para o semestre é a de que se produza un balance positivo por riba das 2.100 persoas. Galicia é unha das seis Comunidades autónomas nas que se incrementan tanto o saldo migratorio interior como o exterior.



En España, o dato provisional de poboación a 01.07.2021 indica un descenso da poboación estimado do -0,15%. Tal e como sucedeu en Galicia, este descenso débese ao mal dato do saldo migratorio exterior, que mesmo acadou taxa negativa no semestre por primeira vez desde o ano 2015 (o pasado ano o saldo foi positivo en máis de 100.000 persoas) e ao saldo vexetativo, que se ben non foi tan negativo como no primeiro semestre de 2020, superou en máis dun 50% ao peor primeiro semestre de calquera ano da década pasada.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (índice de volume encadeados, referencia a no 2015=100. Debe corrixirse de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2015-2021

	% (T/T-4)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21
Galicia		2,8	3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	1,7	3,0	3,1	3,3	3,5	3,3	4,2	2,5	1,8	2	2,1	2,1	2,8	3,5	2,5	3,3	2,3	1,1	0,6	0,5	-4,3	-17,8	6,3	-7,1	-2,4	16,0	3,2
España		3,8	3,1	3,0	2,3	2,1	-10,8	3,2	3,9	4,0	4,2	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,3	2,9	3,1	2,7	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	2,0	1,7	-4,3	-21,5	-6,7	-8,8	-4,3	17,7	3,4

Fuente: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



No terceiro trimestre de 2021 o PIB galego incrementouse nun 1,4% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a medrar o 3,2%. En España no mesmo período, e logo de que o crecemento intertrimestral do PIB español acadase o 2,6%, se rexistrou un incremento interanual do PIB do 3,4%, logo de que, a diferenza do que acontecera no segundo trimestre, o dato do PIB rexistrado no terceiro trimestre superou en seis décimas as previsións contidas no avance do dato difundido o pasado outubro.

O segundo trimestre de 2021 e xa o sétimo trimestre afectado pola chegada da Covid-19. O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por tratarse de circunstancias extremas que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no Gráfico 2, que recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos, e que nos aporta unha mellor perspectiva da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume da economía galega amose os valores rexistrados con anterioridade á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadeado en Galicia para o conxunto de 2019 (que, logo do último cambio metodolóxico levado a cabo no segundo trimestre de 2021 fica en 109,78), ao peche do terceiro trimestre de 2021 o volume da actividade económica galega ficaba por baixo do nivel de 2019 nun -3,5%. No caso de España, o valor do índice para o conxunto de 2019 foi de 110,79, o que fai que ao peche do terceiro trimestre de 2021 o volume de actividade económica en España sexa un -5,4% inferior ao de entón.

O avance do PIB estatal para o cuarto trimestre de 2021 prevé unha suba do 2,0% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual pasaría a reflectir un crecemento do 5,2%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.226,4	-12,8	-1,0	2,8	0,2
España	23.288,8	-158,9	-0,7	224,7	1,0

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) para o cuarto trimestre de 2021 indica unha diminución da poboación activa galega de -12.800 persoas (o -1,0%) respecto do anterior, e un incremento de 2.800 nos últimos doce meses (o 0,2%), reducións máis intensas e aumentos menos intensos, respectivamente, que os rexistrados en España nos mesmos períodos.


Pola súa banda, o número de persoas ocupadas en Galicia diminuíu neste trimestre en -21.200 (o -1,9%) respecto do terceiro, e incrementouse en 10.400 persoas no conxunto de 2021, o que supón un aumento do 1,0% no ano, o segundo máis baixo entre todas as Comunidades autónomas tras A Ríoxa. Pola súa contra, e logo dun aumento da ocupación no trimestre do 0,8%, en 2021 a ocupación aumentou en España en 840.700 persoas, un incremento do 4,35% respecto á ocupación existente ao remate de 2020. Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no cuarto trimestre ata o 46,7%, porcentaxe inferior en 4,1 puntos porcentuais ao 50,8% rexistrado en España no mesmo período. Deste xeito, a taxa de ocupación medrou en 2021 o 0,6% en Galicia e o 2,0% en España. Para rematar coa análise da EPA do cuarto trimestre de 2021, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 135.100 persoas tras un incremento do paro de 8.300, mentres que as persoas en paro en España diminuíron no trimestre en -312.900 co cal o total de parados e paradas en España ao remate de 2021 pasa a ser de 3.103.800 persoas. Isto representa que en Galicia o paro reduciuse durante o ano 2021 nun -5,3% fronte a una redución do -16,6% en España e, deste xeito, a taxa de paro en Galicia fica no 11,0% (redución de 0,7 puntos porcentuais en 2021) e a taxa de paro en España faino no 13,3% (redución de 2,8 puntos en 2021).

Os Boletins mensuais do paro rexistrado publicados no cuarto trimestre amosan un pequeno descenso do paro rexistrado (-470 persoas) respecto do terceiro trimestre, o que cómpre ser destacado xa que se trata dun trimestre no cal, atendendo aos datos da tendencia histórica, o paro aumenta.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2021

4T21	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	154.045	152.747	152.584	991	-1.298	-163	0,6%	-0,8%	-0,1%	-27.262	-34.725	-37.003	-15,0%	-18,5%	-19,5%
Homes	63.657	63.467	64.743	1.281	-190	1.276	2,1%	-0,3%	2,0%	-13.384	-16.897	-17.606	-17,4%	-21,0%	-21,4%
Mulleres	90.388	89.280	87.841	-290	-1.108	-1.439	-0,3%	-1,2%	-1,6%	-13.878	-17.828	-19.397	-13,3%	-16,6%	-18,1%
<30 anos	19.027	18.804	17.749	887	-223	-1.055	4,9%	-1,2%	-5,6%	-7.213	-8.715	-8.338	-27,5%	-31,7%	-32,0%
entre 30 e 44 anos	47.651	46.744	46.854	-118	-907	110	-0,2%	-1,9%	0,2%	-11.042	-14.479	-15.733	-18,8%	-23,6%	-25,1%
>44 anos	87.367	87.199	87.981	222	-168	782	0,3%	-0,2%	0,9%	-9.007	-11.531	-12.932	-9,3%	-11,7%	-12,8%
Agricultura e Pesca	5.444	5.508	5.738	404	64	230	8,0%	1,2%	4,2%	-1.228	-1.546	-1.647	-18,4%	-21,9%	-22,3%
Industria	17.119	16.816	17.071	-24	-303	255	-0,1%	-1,8%	1,5%	-1.929	-2.871	-3.388	-10,1%	-14,6%	-16,6%
Construción	10.770	10.752	11.399	-75	-18	647	-0,7%	-0,2%	6,0%	-2.687	-2.981	-3.219	-20,0%	-21,7%	-22,0%
Servizos	108.289	107.302	106.532	240	-987	-770	0,2%	-0,9%	-0,7%	-17.600	-23.196	-24.749	-14,0%	-17,8%	-18,9%
Sen emprego anterior	12.423	12.369	11.844	446	-54	-525	3,7%	-0,4%	-4,2%	-3.818	-4.131	-4.000	-23,5%	-25,0%	-25,2%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



O número de persoas paradas rexistradas ao remate do cuarto trimestre do ano reduciuse en -470 persoas respecto do terceiro, o -0,3%. Aínda que se trata dunha redución cativa, cómpre sinalar que, coa excepción do sucedido no derradeiro trimestre do moi anómalo ano 2020, no cuarto trimestre de cada ano é habitual que se existiren incrementos do paro en termos intertrimestrais, a diferenza do que ocorreu neste.

O Gráfico 3 -no cal os cuartos trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor canela- amosa que neste trimestre acelerouse a tendencia descendente da variación interanual do paro rexistrado, tendencia que se ven a observar desde a primavera. Así, pásase de descensos que ficaban por baixo do -15% ao remate do trimestre anterior a descensos que superan con folgura esa barreira nos meses de novembro e decembro. 2021 remata cunha redución do paro rexistrado de preto do -20% respecto do remate de 2020 e, de xeito tal vez máis relevante, de preto do -8% respecto do remate de 2019.

Por sexos, neste trimestre reduciuse a diferenza entre homes e mulleres rexistrados como parados, diferenza que superaba lixeiramente as 28.300 paradas máis antes de comezar o trimestre, e fica en 23.100 paradas máis ao rematar. Isto supón que o número de mulleres rexistradas como paradas, que era o 59.2% do total cando rematou o terceiro trimestre de 2021, baixou ata o 57,6% ao remate do ano. Na comparación en termos porcentuais co derradeiro trimestre de 2020, a redución do paro rexistrado por sexos ao final do trimestre foi de máis do -21% entre os homes e máis do -16% para as mulleres, e foi no mes de decembro cando esa diferenza foi menor.

O único grupo de idade que rexistrou incremento do paro respecto do terceiro trimestre foi o de persoas de 45 ou máis anos, mentres que os outros dous grupos rexistraron diminucións moi similares en termos porcentuais. Mes a mes, novembro foi o que amosou mellor comportamento, con diminucións para todos os grupos de idade. No que se refire á redución interanual advírtese un comportamento ben definido por idades, con reducións notables para todos os grupos, e máis intensas canto menor é a idade do grupo analizado. Así, o descenso medio do paro rexistrado no cuarto trimestre en Galicia para persoas de 30 o menos anos superou -32%, o -25% para persoas traballadoras entre 30 a 44 anos, e preto do -13% para traballadores e traballadoras de 45 ou máis anos, en todos os casos valores superiores aos recollidos no Boletín anterior para este parámetro.

Para rematar co paro rexistrado, e respecto dos sectores de actividade, vemos que en ningún sector se rexistraron diminucións para cada un dos meses. En termos absolutos, e en comparación co terceiro trimestre, incrementouse o paro rexistrado nos sectores agrícola-pesqueiro e da construción, e diminuíu no resto. En termos relativos, foi o sector servizos o que tivo un mellor comportamento, mentres que o sector no que aumentou máis o paro rexistrado foi o agrícola-pesqueiro. En termos interanuais, tal e como xa sucedera no trimestre anterior, tamén rexistrouse descenso do paro para cada mes e sector, destacando o comportamento das persoas sen emprego anterior, entre as que se produciron reducións en cada mes superiores ao -25%, seguido da construción e o sector agrícola-pesqueiro nos que se superou o -22%. Todos os sectores rexistraron diminucións do paro rexistrado superiores ao -15% durante 2021.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
4T2021	250.420	-27.598	-9,9%	58.537	30,5%
Homes	128.607	-16.083	-11,1%	27.203	26,8%
Mulleres	121.813	-11.515	-8,6%	31.334	34,6%
<30 anos	78.565	-17.831	-18,5%	22.185	39,3%
entre 30 e 44 anos	101.070	-6.523	-6,1%	18.240	22,0%
>44 anos	70.785	-3.244	-4,4%	18.112	34,4%
Indefinido	26.679	5.128	23,8%	9.639	56,6%
Temporal	219.903	-33.684	-13,3%	46.583	26,9%
Prácticas / Formación	2.887	1.049	57,1%	2.079	257,3%
Otros	951	-91	-8,7%	236	33,0%
Agricultura e Pesca	6.973	-4.407	-38,7%	994	16,6%
Industria	42.279	-1.081	-2,5%	4.052	10,6%
Construción	10.295	-323	-3,0%	2.180	26,9%
Servizos	190.873	-21.787	-10,2%	51.311	36,8%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

Tal e como resulta habitual nun cuarto trimestre, as distintas edicións do *Boletín mensual da contratación* para tres últimos meses de 2021 amosan diminucións na contratación respecto ao trimestre previo. Este descenso na contratación, de case o -10%, foi menor ao rexistrado en anos anteriores. En termos interanuais, a contratación no derradeiro trimestre de 2021 foi superior en máis dun 30% á rexistrada en 2020 no mesmo período. Os 250.420 novos contratos rexistrados representa o segundo maior número de novos contratos dos últimos anos neste trimestre, tan só por detrás dos novos contratos asinados no derradeiro trimestre de 2018.

Por sexos, o número de contratos asinados a homes no cuarto trimestre superou ao das mulleres en case sete mil novos contratos. Porén, a diferenza por sexos entre os

asinantes de novos contratos foi menor que a que se produciu no trimestre anterior, e se comparamos co acontecido no derradeiro trimestre de 2020 vemos que o incremento no caso das mulleres foi dun 35% respecto a entón, fronte a un incremento para os homes que non chegou ao 27%.

Por rangos de idade, a diferenza do acontecido en anteriores trimestres, a contratación diminuíu máis entre as persoas traballadoras de 30 anos ou menos, tanto en termos absolutos como porcentuais, respecto do trimestre anterior. Pola contra, se comparamos co último trimestre de 2020 segue a ser o grupo de idade no que máis se incrementa a contratación, con case un 40% máis contratos asinados que entón. Os tramos de idade entre 30 e 44 anos e o de máis de 45 anos amosaron comportamentos similares entre si en comparación co acontecido no terceiro trimestre, con caídas na contorna do -5%. Non obstante, ao comparar co derradeiro trimestre de 2020 as persoas maiores de 45 anos asinaron case un 35% máis novos contratos que entón; pola súa banda, a porcentaxe de novos contratos asinados no rango de idades entre os 30 e 44 ficou no 22%.

Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados é relevante o incremento dos novos contratos indefinidos en case o 24%, mentres que os temporais diminuíron respecto do terceiro trimestre en máis dun -13%. Se comparamos as cifras respecto do que acontecera no cuarto trimestre de 2020 vemos, como era de esperar, incrementos en todas as categorías. Igual que na comparación co trimestre anterior, os novos contratos que máis se incrementaron foron os de prácticas/formación, seguidos dos indefinidos, que medraron por riba do 55%. Os contratos que menos se incrementaron respecto do trimestre final de 2020 foron os de carácter temporal, pese a o cal o seu aumento tamén foi apreciable (case o 27%).

Para rematar, e indo ao análise da contratación por sectores de actividade, no cuarto trimestre diminuíu o número de novos contratos en todos os sectores respecto do terceiro. Esta diminución foi moderada na industria e na construción, sectores cunha menor compoñente estacional, e nos que


a redución da contratación non superou o -3% para ningún dos dous, mentres que a redución da nova contratación no sector servizos superou o 10% e case chegou ao -40% no sector primario. Porén, todos os sectores viron incrementados o número de novos contratos asinados respecto do que acontecera no derradeiro trimestre de 2020, con crecementos que varían entre o 10% do sector agrícola-pesqueiro e industrial ata o case 37% do sector servizos, que foi o único sector o que o número de novos contratos asinados medrou por riba da media de crecemento porcentual do 30%.

	A filiación media mensual 4º trimestre 2021 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
Galicia	1.032.651	1.035.498	1.032.784	-1.578	2.847	-2.714	-0,15%	0,28%	-0,26%	20.633	25.614	30.624	2,04%	2,54%	3,06%
España	19.690.590	19.752.358	19.824.911	159.478	61.768	72.553	0,82%	0,31%	0,37%	700.226	730.756	773.478	3,69%	3,84%	4,06%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)

Durante os tres meses do cuarto trimestre de 2021 a afiliación media en Galicia se mantivo en valores situados entre o millón trinta e dous mil e o millón trinta e seis mil persoas afiliadas, logo de que se rexistraran lixeiros descenso na afiliación nos meses de outubro e decembro, e un lixeiro ascenso en novembro. En España a afiliación media medrou durante cada un destes meses, con maior intensidade no mes de outubro, no cal o incremento superou o 0,8%.

Se observamos o Gráfico 4, que recolle o comportamento da afiliación media mes a mes en termos interanuais, pódese apreciar como a afiliación está a crecer de xeito sostido en Galicia, movéndose o incremento no rango entre os 2,0% e o 3,0% durante a segunda metade do ano, mentres que en España o está a facer a un ritmo máis intenso, entre o 3,7% e o 4,0%. Tanto Galicia como España pechan 2021 con incrementos na afiliación media no límite superior dos rangos antes citados. Dada a especial natureza do ano 2020, cómpre sinalar que, se comparamos o dato de afiliación media en Galicia co rexistrado ao remate de 2019, observamos un incremento da afiliación do 1,2% respecto a aquel momento. En España, para o mesmo período de referencia, a afiliación media incrementouse nun 2,1%.



Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Novembro 2020-2021)			
	2020	2021	% Var
Leves	20.378	23.911	17,3
Graves	346	380	9,8
Mortais	51	45	-11,8
Total	20.775	24.336	17,1

Fonte: Estadística de accidentes de trabajo
Ministerio de Trabajo e Economía Social

Á data de peche deste Boletín, os últimos datos facilitados polo ISSGA corresponden aos accidentes con baixa producidos ata o mes de setembro de 2021, datos xa analizados na pasada edición do Boletín, motivo polo que analizamos os datos recollidos na *Estadística de Accidentes de Trabajo* elaborada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, que inclúe datos actualizados ao remate do mes de novembro de 2021. Segundo estes datos, a sinistralidade por accidentes de traballo en Galicia aumentou nun 17,1%. Esta tendencia ven sempre marcada polos accidentes leves, moito máis numerosos, pero neste caso tamén se ve acompañada pola evolución dos accidentes graves, que se incrementaron en case o 10%. Pola contra, os accidentes mortais diminuíron en preto do -12% no período.

Se atendemos á evolución por sectores de

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Novembro 2020-2021)						
	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var
Agric.-pesca	1.794	1.907	6,3%	313	336	7,5
Industria	6.469	6.257	-3,3%	408	395	-3,3
Construción	3.171	3.891	22,7%	383	455	18,7
Servizos	9.341	12.281	31,5%	120	154	28,7
Total	20.775	24.336	17,1%	187	208	11,1

Fonte: Estadística de accidentes de trabajo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Setembro 2021)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	35	16	5.228	-755	13.112	173
España	451	122	107.288	22.439	282.817	-49.523

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

que en España o incremento do número de folgas nos nove primeiros trimestres de 2021 foi de case o 270%, porcentaxes moi superiores ás observadas na anterior edición do Boletín. No que atinxe ao número de persoas traballadoras participantes en folgas, se ben o seu número segue a ser inferior ao do ano 2020, a porcentaxe de diminución pasa do -22% en xullo ao -17% en setembro, mentres que en España as persoas traballadoras participantes en folga entre xaneiro e setembro aumentaron en case un 26% fronte ao mesmo período de 2020. Para rematar co análise da conflitividade, as xornadas non traballadas en Galicia incrementáronse de xaneiro a setembro de 2021 respecto aos nove primeiros trimestres de 2020, aínda que o fixeron en pouco máis do 1%, mentres que en España as xornadas non traballadas por folgas ata setembro de 2021 reducíronse en máis dun -21% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Con todo, e para afondar no efecto das restricións á mobilidade e á actividade no que atinxe á conflitividade no período de 2020 respecto ao cal estamos a comparar os datos deste ano hai que engadir que, se comparamos os datos da conflitividade por folga en 2021 fronte ao mesmo período de 2019 atopamos reducións moi acusadas para todas as variables analizadas.

Expedientes de Regulación de Empleo

Os últimos datos relativos aos ERE dispoñibles na páxina web da Consellería de Empleo e Igualdade son os correspondentes a Decembro de 2019, motivo polo que pasamos a analizar os facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía social na súa *Estadística de Expedientes de Regulación de Empleo*, máis actualizados. Os datos facilitados na *Estadística* de xaneiro a novembro de 2021 amosan diminucións drásticas no número de persoas traballadoras en ERE de suspensións de contratos e de redución de xornada tanto en Galicia (o -95,2%) como en España (o -95,1%), diminucións cuxa intensidade deriva do acusado descenso do número de traballadores e traballadoras en ERTE respecto das persoas afectadas por eles ao remate do mes de novembro de 2020. Se atendemos ás persoas afectadas por ERE de despedimentos colectivos, se observan incrementos porcentuais importantes: así, as persoas traballadoras inmersas nestes expedientes ata novembro foron 1.924, un aumento do 45,2% respecto do mesmo período

no 2020. O incremento en España nesta variable e período foi superior ao galego en máis de 20 puntos porcentuais (o 65,3%) tras afectar as 48.997 persoas.

Os últimos datos facilitados polo IGE no que atinxe aos Expedientes de Regulación Temporal de Empleo (ERTE) a partir dos datos de afiliación á Seguridade Social corresponden ao pasado mes de outubro. Logo de que o número de persoas traballadoras en ERTE acadara o máximo de 2021 no mes de febreiro con 46.665 persoas afectadas por eles, o seu número foise reducindo mes a mes. Así, as persoas afectadas por ERTE notificadas a 31 de outubro de 2021 eran 8.431, o que supón unha redución do -14,3% con respecto ao número de persoas afectadas por ERTE no mes anterior. Esas 9.842 persoas supoñen o 5,6% respecto do máximo absoluto acadado a 30 de abril de 2020, momento no que o seu número ascendía a 150.281 persoas traballadoras en ERTE en Galicia.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2016-2021

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

puntos porcentuais e fica no -9,6%.

Porén, as subas dos custos laborais e salariais por hora efectiva rexistradas no trimestre son moito máis modestas. Así, os custos laborais por hora efectiva en termos interanuais medraron nun 0,9% interanual no terceiro trimestre de 2021, mentres que os custos salariais por hora efectiva mantivéronse practicamente constantes ano a ano neste trimestre logo de medrar un 0,1%. Pola contra, e para os mesmos períodos de referencia, en España se rexistraron descenso nos dous parámetros, logo de que os custos laborais por hora efectiva baixaran un -0,3% e os custos salariais por hora efectiva o fixeran nun -0,2%.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2021

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	851	27.007,5	-5	-55,4%	-24	-59,3%
Sociedades que ampliaron capital	259	73.057,0	1	1,6%	2	-12,0%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

períodos de referencia.

As sociedades que ampliaron capital neste trimestre son case que as mesmas que o fixeron no trimestre anterior e no mesmo trimestre de 2021 e, no caso do trimestre pasado, a cantidade de capital ampliado tamén é moi similar á de aquel trimestre. Respecto do cuarto trimestre de 2020 a cantidade destinada a ampliacións de capital diminuíu nun -12%.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2021

	4T21	3T21	4T20
Sociedades disolvidas	426	266	414
Sociedades que reducion capital	64	58	73
Sociedades en situación concursal	71	52	75

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de empresas disolvidas rexistrou un forte incremento neste trimestre respecto do anterior. Así, o número de sociedades disolvidas neste pasado trimestre foi superior en máis dun 60% fronte ao terceiro trimestre do ano, se ben o incremento respecto ao derradeiro trimestre de 2020 non chega ao 2%. No que atinxe ás sociedades que reducion capital, o incremento intertrimestral superou o 10%, mentres que o a diminución respecto do cuarto trimestre de 2020 foi superior ao -12%.

O número de empresas que foron a concurso de acredores aumentou en máis dun 36% en termos intertrimestrais e rexistrou unha diminución do -5% respecto do cuarto trimestre de 2020. Ademais, rexistráronse seis procesos de escisión de empresas, tres máis que o terceiro trimestre. Os procesos de fusión foron 23, seis máis das rexistradas trimestre anterior.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Dentro da súa función consultiva, e unha vez rematado o ano 2021 a Comisión Delegada de Ditames emitiu 61 ditames sobre normativa laboral autonómica, 26 máis dos emitidos no período correspondente do ano 2020. Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva en procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, ao remate de 2021 tiveron entrada no AGA 108 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, o que supón o maior número de solicitudes rexistradas nun ano neste procedemento. Entre as 69 mediacións e arbitaxes efectuadas e rematadas durante o 2021, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 68%.

No último trimestre de 2021 tivo lugar a IV Edición do Curso de Formación en Negociación Colectiva e Individual no Ámbito Laboral, realizado en colaboración coa Universidade de Vigo. Así mesmo, durante este trimestre desenvóléronse os seguintes webinaros e xornadas web: As condicións de traballo no mundo dixitalizado, O xénero, a diversidade e a conciliación nos convenios colectivos, A temporalidade no emprego e as modalidades de contratación, A Carta Social Europea revisada e o sistema de reclamacións colectivas, Cuestións actuais do dereito do traballo e da Seguridade Social a debate.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>